

ACTA DO CONSELLO XERAL EXTRAORDINARIO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTACIÓN DO PROXECTO ORZAMENTARIO PARA O 2023

DATA: 22 de decembro de 2022

LUGAR: Casa do Concello de Narón

CARÁCTER DA SESIÓN E CONVOCATORIA: Sesión xeral, segunda convocatoria.

HORA DE COMEZO: 17:30 h, segunda convocatoria

HORA DE FINALIZACIÓN: 18:50 h

Segundo o punto número catro do artigo 66 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón, *“para a válida constitución do consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros en primeira e un terzo en segunda convocatoria”*. Tras convocar a 35 persoas representantes dos distintos grupos políticos municipais, das asociacións veciñais e consellos territoriais, e do consello sectorial de igualdade, asisten un total de 9 persoas, o que imposibilita a celebración oficial do Consello Xeral.

En todo caso, e a título informativo, recóllese a relación de persoas asistentes e información sobre os diferentes temas tratados, co obxectivo de informar ao conxunto de persoas participantes do Consello Xeral.

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENCIA DO CONSELLO:

- D. Román Romero Franco, Concelleiro delegado de Seguridade cidadá, SPEIS e Facenda, en substitución da Sra. Alcadesa.

EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

- D. Eugenio Carballeira López, en representación do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- D. José David Pita Breijo, en representación do grupo político municipal do Partido Socialista (PSdeG)

EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS:

- D^a. María Isabel Mauriz Prieto, en representación da asociación veciñal Virxe de Fátima, de Freixeiro.
- D. Manuel García Loureiro, en representación da asociación veciñal Chafarís, do Alto.
- D^a. Margarida Leirachá Pita, en representación da asociación veciñal dos Irmandiños, do Val.
- D. Ramón Francisco Couto Bellas, en representación da asociación veciñal do Couto.

EN REPRESENTACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS:

- D. Bruno González Mauriz, en representación do Consello Territorial de Piñeiros.
- D. Xosé Francisco Roade Servia, en representación do Consello Territorial do Couto.
- D^a. Paula Gárate Formoso, en representación do Consello Territorial de Santa Ilicia.

ORDE DO DÍA

- Benvida e presentación.
- Presentación do Plan Orzamentario para o 2023.
- Rogos e preguntas.

DESENVOLVEMENTO

Ás 17.30 h , en segunda convocatoria, non asiste o mínimo que se solicita dende o Regulamento de Participación Cidadá, polo que non se pode celebrar o Consello Xeral, mais procedemos a ter unha reunión informal coas persoas asistentes.

1. - BENVIDA E PRESENTACIÓN.

Román Romero Franco, en calidade de concelleiro de Facenda ~~Presidente do Consello Xeral~~, comeza a reunión explicando o motivo polo que non se celebraron os Consellos Territorias, exculpando. Presenta o sentido desta convocatoria e agradece a asistencia.

Informa de que este orzamento que se presenta hoxe, entrará en vigor a finais de xaneiro.

2. - PRESENTACIÓN DO PROXECTO ORZAMENTARIO PARA O 2023.

Román Romero Franco comeza explicando como funciona o orzamento do concello, comezando pola previsión de ingresos derivados de impostos, taxas municipais, orzamento doutras administracións etc. Nos distintos capítulos do proxecto orzamentario desglósase o recadado: por plusvalías, taxas de prezos públicos e outros ingresos (como o aproveitamento do dominio público), referencias, capital etc.

Tras esta previsión, procédese a realizar a previsión de gastos tendo en conta as indicacións estatais, como este ano a subida do salario do funcionariado, as partidas inamovíbeis, as propias necesidades do Concello e as liñas estratéxicas do mesmo.

Na páxina de transparencia local do Concello, pódese descargar o documento das [liñas fundamentais do proxecto orzamentario do 2023.](#)

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dende a asociación veciñal Os Irmandiños, sinálase a importancia do documento, do proxecto orzamentario, e a dificultade para a cidadanía xeral de comprender os datos que se presentan nun espazo como o Consello Xeral. Propón que para estas cuestións sería recomendable que, previamente, se lles fixera chegar un documento resumo sobre os orzamentos accesible para a cidadanía, co obxectivo de facilitar a súa comprensión e promover a reflexión sobre o propio documento, posibilitando a resolución de dúbidas previamente identificadas no espazo do Consello.

Tamén pregúntase polo estado da cuestión do PXOM, sendo un tema onde a cidadanía estivo involucrada e de importancia para a poboación.

- Román Romero recolle esta proposta para outras ocasións. En canto ao PXOM informa de que o ano pasado houbo unha subvención para a redacción do PXOM e, este ano, ao non ter esa subvención, o investimento é menor. Continúa en proceso.

Dende a asociación veciñal Chafarís, pregúntase polo orzamento destinado a Ferrol, recadado por COSMA. Informa de que esta cuestión pode acabar no xulgado debido ao que se estima dende o Concello de Ferrol que se lle debe.

- Román Romero, que na previa explicación mencionara unha partida destinada a cubrir posibles gastos non previstos para o Concello de Ferrol, explica o acordo que se establecera en anteriores lexislaturas entre os concellos limítrofes en canto para o pago do servizo de depuración. Ese acordo foi levado a pleno no Concello de Narón e é o que se está a pagar. Destaca que se cumpre coas obrigas e que manteñen unha postura conciliadora, procurando a resolución do conflito co Concello de Ferrol, no que interveu augas de Galicia para chegar a compromisos como pagar en función da medición. É un proceso, mais afirman estar procurando a solución máis xusta e responsable.

Dende o consello territorial de Santa Iclía, ASCM comparte a opinión da dificultade de comprender as cifras sen datos previos e solicita información sobre os orzamentos relacionados cos servizos sociais e os convenios nominativos do concello coas entidades sociais.

- Román Romero sinala que o Concello aposta por manter os convenios con entidades sociais. Afirmar que a prioridade do Concello nunca é reducir o orzamento do asociacionismo, xa que é competencia municipal. Sinala tamén as dificultades dun concello a manter e aumentar as partidas orzamentarias cando asume gastos doutras competencias, como é o caso de *Axuda no fogar*, as garderías ou unha porcentaxe do parque de bombeiros, pero que a prioridade é manter e, se é posible, aumentar o destinado ao social.

Dende o grupo político municipal Bloque Nacionalista Galego, reitérase a importancia de dar información sobre os orzamentos previa celebración do Consello. Tamén se sinala o positivo que sería que unha parte dos orzamentos foran participativos, e que debería participar todo o goberno, implicando en *facen valer* a participación cidadá de forma transversal e non de forma exclusiva dunha concellaría.

- Román Romero explica que á hora de facer os orzamentos, tense en conta a opinión recompilada da veciñanza a través de distintas vías e distintas concellarías. Algunhas non teñen capacidade, pero nas que si, inténtano.

Engádese que o concello escolle onde van os investimentos e considera que se fan unhas partidas moi grandes que non se adapta ben ao gasto real, sobrando así cartos. Incídese nesta cuestión. Tamén se engade de que este ano hai “un apartado de investimento moi grande para cousas pequenas”.

- Román Romero explica que hai obras que se executan en distinto ano e mantense a inversión, que teñen partidas como no capítulo de persoal que son para prever a baixa dunha persoa funcionaria (para asegurar que cobre o 100% e non teña impacto no resto de orzamentos) e que son partidas que se destinan a esas cuestións, pero que é parte do “aforro”. Igual que se unha obra licítase e ao final costa menos, afórrase. Afirmar tamén que este ano o Concello de Narón executou o 90% do orzamento, resaltando esta cuestión como un

indicador de bo cálculo. Román engade que o concello leva catro anos aprobando os orzamentos en prazo, sendo un beneficio para toda a cidadanía. En canto á última cuestión, menciónase que dende o Concello “non se deixa o grande para presumir o último ano, todo o contrario, xa fixeron a aposta grande de inversión previamente”.

Dende o consello territorial do Couto, pregúntase se o orzamento foi levado a Facenda e dende o consello territorial de Santa Icíá preguntan se había un prazo mínimo para a convocatoria do Consello Xeral.

- Román Romero responde que o luns entregouse a documentación en facenda e que ese mesmo día (22 de decembro) foi a comisión. Dende a Escola, como secretaría da asemblea, informamos que no regulamento de participación non se establece un prazo mínimo.

Dende o consello territorial de Santa Icíá preguntan polas obras de accesibilidade dos locais, como sucede coas obras do local de maiores de Santa Icíá que, segundo afirma, xa deberían estar rematadas.

- Román Romero informa que se aposta pola accesibilidade. Que é un requirimento e son conscientes, pero que está en proceso. Non ten información sobre o estado da cuestión, pero informa de que unha licitación leva o mesmo tempo que realizar o plan orzamentario: non é un proceso lineal, hai que contemplar as modificacións etc. Comprométese a realizar a obra, pero o proceso é moi lento.

Dende a asociación veciñal Chafarís preguntan polo aparcamento do centro de saúde. Sinala que houbo un compromiso municipal e cartos destinados e non se está a facer.

- Infórmase de que está en proceso. O Concello arranxou a rúa e a glorieta e agora están á espera dunha subvención europea para completar o resto.

Rematamos a asemblea con Román Romero mencionando que pode realizar un pequeno resumo para compartir coa veciñanza e convidando as veciñas e veciños a que se acheguen para consultar calquera cuestión. Informa de que o seu horario de atención presencial é os mércores de 9 a 11 h , mais que poden contactar con el por vía telefónica. Remata a sesión ás 18:50 h .

Visto e praxe,

A Presidencia do Consello Xeral de Participación Cidadá, D. Román Romero Franco, Concelleiro delegado de Seguridade cidadá, SPEIS e Facenda, en substitución da Sra. Alcaldesa.

A Secretaría do Consello de Xeral de Participación Cidadá, Martín Vázquez Añel, técnico da Escola de Participación Cidadá.